

ACTA ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

01-09-2020

Sendo as 18:26 e estando reunidas presencialmente nas aforas das instalación do IME :

- CEIP San Salvador de Teis
- CEIP Emilia Pardo Bazán
- CEIP Ría de Vigo
- EEI Vilalaura
- CEIP Paraixal
- CEIP Escultor Acuña
- CEIP Castelao
- CEIP Igrexa-Candeán
- CEIP Carballal- Cabral
- CEIP Párroco Don Camilo
- CEIP Araz- Tintureira
- EEI Monte da Guía
- CEIP Canicouva
- CEIP Valleinclan
- CEIP Carrasqueira
- CEIP A Doblada
- CEIP García Barbón
- CEIP O Rocío
- CEIP Seis di Nadal
- IES Álvaro Cunqueiro
- CEIP Illas Cíes
- CEP Fleming
- CEIP Pintor Laxeiro
- CEIP Coutada-Beade
- CEIP Otero Pedrayo
- CEIP Igrexa-Chapela
- CEIP O Pombal
- CEP Celso Emilio Ferreiro
- CEIP Ramón y Cajal

- CEIP Mosteiro Bembrive
- CEIP Mestres Goldar
- CEIP Frián
- EEI Rúa Aragón

E de xeito online:

- CEIP Espiñeiro Teis
- CEIP Sobreira- Valadares
- CEIP Santa Mariña- Cabal
- CEIP Eduardo Pondal

Coa seguinte orde do día:

1. Análisis da situación das novas medidas no protocolo. Pasos a dar ó respecto de comedores, extraescoñares e aulas matinais.

1- Escomeza a sesión da man da Vicepresidenta Paula Verde expoñendo o motivo desta asamblea.

Pásanse a comentar as novedades do novo protocolo como a obligatoriedade de que a distancia mínima sexa dos 1,5 metros. A consellería inda non dou resposta as nosas demandas nin se puxo en comunicación connosco, chama a atención que decidiran ter una xuntanza coas ANPAS de Redondela (posposta inda sen data definitiva para nova convocatoria) e nos todavía non teñamos noticias deles.

Pásase a ler o manifestó redactado na asamblea anterior.

Toma a palabra Bertila para exponer os actos que van ter lugar a continuación

- Reunión con adicopuvi, pendente de data
- Reunión cos sindicatos de profesores día 2
- Cacerolada a partires do día 2 as 21:00
- Concentración diante da praza da estrela día 8 as 20:00.

Dáselle a palabra a Ruth Pallarés membro da comisión de comedores para explicar as novas deste protocolo. Explica que os cambios non son suficientes e que a responsabilidade segue sendo das ANPAS, en caso de

demandas non exime ningún papel por escrito dos pais(consultado por avogados) en caso de demanda a responsabilidade recaería no presidente e en caso de non poder completar a pena, recaería no seguinte na lista da directiva da ANPA ate poder cumplila.

A gran maioría das ANPAS seguen sen estar dispostas a assumir dita responsabilidade.

O García Barbón cree que non podemos deixar as familias de lado, o resto das ANPAS opinan que non é culpa nosa se non da administración.

Dende o ANPA I.E.S Santo Tomé trasladánnos a súa inquedanza polo banco de libros, xa que é un servizo que a propia ANPA leva a cabo. Recórdaselle que calquera cousa xestionada implica ter a responsabilidade da mesma debido a este protocolo.

Propoñen que as 25 ANPAS da rede de comedores chamen a Xunta para solicitar o escrito para que a Xunta asuma ditos comedores.

Dende o I.E.S Álvaro Cunqueiro trasladánnos a problemática que teñen, xa que son un instituto no que teñen alumnado con problemas auditivos e a comunicación con eles é inviable coas máscaras.

Proponse que nos manifestemos cos sindicatos de profesores o día 10, a gran maioría dos presentes non lles convence polo que queda aprobada unha concentración o día 8 na Praza da Estrela.

Para informar as familias piden un escrito unánime que sería enviado por FOANPAS.

Queda tamén aprobada unha rolda de prensa para mañán e un comunicado para a subdelegación.

Sen nada más reseñable péchase a sesión as 20:22

Secretario da XD de FOANPAS

Firmado: Oscar Souto

Vº e Pº Presidente XD FOANPAS

Firmado: Miguel Álvarez Parada